



# Xosé Vizoso

CREATIVIDADE E PROCESOS







Sala de Exposiciones  
Antón Rivas Briones

# Xosé Vizoso

CREATIVIDADE E PROCESOS

[14 MAIO - 30 XUÑO 2021]



EDICIÓN: Concellería de Cultura / Concello de Vilagarcía de Arousa

CONCELLEIRA DE CULTURA: Sonia Outón Casal

TÉCNICO DE CULTURA: Xabier Camba Abal

TÉCNICO DE PUBLICACIONES: Manuel Villaronga García

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Rocío Lueiro Rey

FOTOGRAFÍAS: Miguel Monasterio, Fundación Artiaga e arquivo de Xosé Vizoso

COMISARIA: Saudade Artiaga. Xestora Cultural da Fundación Artiaga

PRODUCCIÓN: Fundación Artiaga

IMPRESIÓN: Gráficas Anduriña

DEPÓSITO LEGAL: PO 134-2021

# de crear e que rer

ALBERTO VARELA


En certa ocasión, preguntáronlle a Alfredo Bryce Echenique por que escribía. Entre outras cousas, o laureado autor peruano dixo que o facía porque “negándome a crer na soildade da páxina en branco, noto que veñen a poboala as mulleres, os homes e as cidades que máis teño amado no transcurso da miña vida”. En certo modo, Bryce albiscaba algo que ten moito que ver co leit motiv da exposición que a Fundación Artiaga produce arredor da figura de Xosé Vizoso: o proceso creativo.

A sala Rivas Briones ten acollido centos de mostras, pero poucas como esta se centraron nese lapso. É dicir: como da observación, sometida ao maxín do autor, nace unha idea que logo se traslada a un lenzo, a un papel, ao material do que xurdirá una escultura ou unha peza de cerámica.

Como ben nos lembraba Cavafis no seu célebre poema, a viaxe é tan importante, cando non máis, que a propia meta. Nesta exposición hai, penso, moito diso: a meta podería ser unha das más de trescentas portadas ou ilustracións para outros tantos libros, ou os douscentos carteis para unha festa, unha feira ou un concurso, mesmo calquera figura de Sargadelos. Pero o que aquí se expón –e velaí o acerto da Fundación Artiaga– é o camiño seguido por Vizoso: esos apuntes, esos primeiros trazos, ese proceso de creatividade que logo terá a súa meta nunha peza... para, acto seguido, iniciar un novo camiño na busca doutra Ítaca.

No caso de Vizoso, ademais, o camiño escollido non foi calquera. E os seus acompañantes, tampouco. Non en balde, foi o elixido por Isaac Díaz Pardo como un dos deseñadores principais para a nova etapa de Sargadelos. Así, e durante 40 anos, Vizoso participou non só deste magno proxecto, senón do Laboratorio de Formas de Galicia, no que Sargadelos se inscribe e que no 63 crearan Díaz Pardo e Luís Seoane, ata converterse nun referente do deseño en Galicia.

Cando daquela volta a Bryce Echenique lle preguntaran por que escribía, tamén dixerá que o facía “para que me queiran máis”. Non sei se ainxente obra de Xosé Vizoso tería ao menos en parte esa motivación, pero non cabe dúbida, á vista desta mostra, que merecer, ben o merece.



Alcalde-presidente de Vilagarcía de Arousa





Mural en Foz  
HOMENAXE ÁS PEIXERAS  
10 metros de altura

# Xosé Vizoso crea- tivi- dade e pro- ce- sos

SAUDADE ARTIAGA

Xosé Vizoso (Mondoñedo, 1950) é todo un referente do deseño gráfico en Galicia. Constatano as catro décadas coroando o deseño da marca Sargadelos, os douscentos cincuenta carteis de eventos culturais e os súas máis de trescentas ilustracións para libros; pintor de grandes murais e autor de diversas esculturas conmemorativas.

A FUNDACIÓN ARTIAGA promove agora a exposición **Xosé Vizoso. Creatividade e procesos** presentando por primeira vez ante o público ese mundo procesual descoñecido, que enriquece notablemente a súa longa traxectoria artística.

Ao longo da exposición, o espectador descubrirá un mundo cheo de xestualidades esvaecidas durante o proceso creativo que fan que a obra de Vizoso abandone a comodidade de estar catalogada entre as marxes do deseño gráfico, a ilustración ou a artesanía, e pase a establecer un diálogo con aqueles que descubren novos significados en cada reconsideración.



Aproveitando calquera soporte e momento, Vizoso esboza escenas, elabora retratos, rememora momentos e a persoas, deixando de lado o que estivese a facer e centrándose naquilo que quere representar. A súa incansable actitude creativa fai que pasar unhas horas con el sexa unha oportunidade para descubrir novas facetas artísticas nos seus estudos.

Foi o filósofo estadounidense John Dewey (1859-1952) quen en 1910 fixo un exhaustivo estudio das fases do pensamento creativo establecendo cinco niveis dentro do proceso: atopar unha dificultade, localizar e precisar a mesma, expor unha posible solución, desenvolver de forma lóxica a formulación proposta e, por último, a observación e procedemento experimental. Tres anos despois, o matemático francés Henri Pointcaré (1854-1912) sintetizou o proceso en catro etapas: preparación, incubación, iluminación e verificación, as cales



foron reafirmadas polo psicólogo inglés Graham Wallas (1858-1932), quen no seu libro *A arte do pensamento* (1929), ademais de introducir a creatividade como tema dentro da ciencia, consideraba esta capacidade como algo que salvaría á humanidade dun tráxico destino, algo universal sempre e cando existise a inspiración. A maior achega de Wallas foi que, non tendo que ser necesaria-




mente a orixe do proceso, a inspiración pode-riase atopar a condición de que se tivese a mente aberta a atopar esas musas das que tanto se escouitaba falar no ámbito artístico e que o cerebro traballa de forma mesmo inconsciente buscando soluciones ás inquietudes que fan do proceso algo etéreo, a non ser que este se rexistre.

Quizais das cousas que máis chaman a atención cando mantés unha conversación con Xosé Vizoso é como lembra o tacto dos materiais, a resistencia ou fluidez coa que se deslizan por diversas superficies, as veces nas que tivo que reformular a forma, o momento no que atopou a solución daquilo que consi-



## AS SAN LUCAS 2018



derou imposible; e é que para Vizoso é imprescindible estudar, traballar, informarse e realizar numerosos estudos para lograr un resultado á altura dunha mente esixente como a súa. A súa musa é o traballo, o estudo, o reformulamento, e, ao longo da exposición, a través dos seus bosquexos, o espectador descubrirá as engranaxes do proceso creativo. Xa o dícia Albert Einstein: *A formulación dun problema adoita ser máis esencial que a súa solución.*

E é esa mente esixente a mesma que, a pesar de levar fóra da súa cidade natal máis de 50 anos, fai que manteña latente as vivencias da súa infancia e mocidade, anhelando a paisaxe e as xentes de Mondoñedo. Percorre a feira de San Lucas, describe os personaxes e experiencias que se marcaron na súa retina a través de debuxos e converte cada imaxe, entrelazando formas e proxectando ou aniquilando perspectivas, en novos recordos para o espectador.

A arte procesual de Xosé Vizoso enmarca o tempo, ordena o espazo e fixa a virtuosidade do trazo.

Acontece a obra. Emerxe o artista.








◀ Cartel Santa Minia  
Boceto

Mural Cardioloxía Santiago  
Boceto



Antroidos

Homemaxe aos alfareiros  
de Mondoñedo






Cartel Santa Minia  
Boceto



Tunos



Antroidada



Cartel Negreira  
Boceto



13.12.20

D'Uva

O Velatório de Pendoff



O velatorio de Rudolf  
10 febreiro 2020







◀ Tunos para mural cardioloxía  
Bocetos



Tuno  
Boceto

X. Vizcaíno



Cartel Santa Minia  
Boceto





B. Antrodada


2024. VI-14





# MONDOÑEDO · 2017

## SEMANA SANTA





X Uzeda

- Viscela
- negro
- verde
- fondo
- madera
- amarillo

**ETE**


**ESTE**







# CONGRESO DE ENDOCRINOLOGIA


BURELA-OUTUBRO-93







Busto Vidal Bolaño  
Bocetos





Busto Vidal Bolaño  
Escultura





Mural Instituto Ánxel Fole de Lugo  
1989



X.112080.89





◀ Murais do Furriolo  
6 x 2,50m  
2008







Sala de Exposiciones  
**Antón Rivas Briones**

